

PROGRAMACIÓN DE RELIXIÓN DO 3º NIVEL DE ED. PRIMARIA

ÍNDICE

- 1.Introducción e contextualización.**
- 2.Competencias de E.R.E.**
- 3.Obxectivos.**
- 4.Contidos.**
- 5.Actividades**
- 6.Metodoloxía e tratamento da educación en valores.**
- 7. Materiais e recursos didácticos.**
- 8.Avaliación:**
 - 8.1.Criterios de avaliación.**
 - 8.2.Estándares de aprendizaxe.**
 - 8.3.Instrumentos e procedementos de avaliación.**
 - 8.4.Criterios de cualificación.**
- 9.Medidas de atención a diversidade.**
- 10.Mínimos esixibles e actividades de reforzo.**
- 11.Contribución aos diferentes plans do centro: TIC,lector, Lingüístico,de convivencia...**
- 12.Actividades extraescolares e complementarias.**
- 13.Procedementos para avaliar a propia programación.**

1.Introducción e contextualización:

Esta programación didáctica basease no Currículo aprobado pola Conferencia Episcopal Española para a materia de Relixión e moral católica con data 11 de febreiro de 2015(B.O.E.24 de febreiro de 2015).

Tamén ten como referencia legislativa a Disposición Adicional 2ª do Decreto 105/2014 polo que se aproba o Currículo para o ensino da educación primaria en Galicia.

Neste 3º Nivel optaron pola ensinanza de Relixión Católica 13 alumn@s.As clases serán impartidas na propia aula de relixión ,coa posibilidade de usar a aula de informática e a biblioteca do centro.

2. .Competencias de E.R.E.

Ademáis das competencias básicas e específicas recollidas no currículo propio desta materia, nesta programación introducimos as competencias clave da LOMCE que máis inciden nesta área.

Na área de Relixión Católica procurarase o logro de todas as competencias que se sinalan a continuación:

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia contribúe á valoración ética do uso da ciencia e da tecnoloxía. Á súa vez, apoia e dá sentido

ás habilidades e ás destrezas relacionadas coa ecoloxía que se adquiren desde a devandita competencia.

Esta área posibilitanos iluminar as respostas e as solucións aos problemas que xorden na interacción do ser humano con todo o relacionado co ámbito da ciencia e a tecnoloxía.

Comunicación lingüística

Para un bo desenvolvemento desta competencia nesta área, a utilización dos diversos modos de comunicación será fundamental xa que o diálogo da fe coa cultura esixe adestrarse na escoita da Palabra de Deus, a exposición de cada un dos contidos coas súas argumentacións adecuadas ás diferentes idades do alumnado. Por iso, será decisivo dotar os alumnos de ferramentas co fin de que cheguen a dominar a competencia comunicativa en todas as súas facetas.

Competencia dixital

Nesta área posibilitarásenos manexar ferramentas desde un sentido ético e de responsabilidade para poder acceder ás distintas fontes que nos faciliten coñecer e afondar nesta materia. Será fundamental traballar desde fontes fiables que favorezan a claridade de contidos para crear no alumnado unha base sólida e cheguen a xerar os seus propios criterios sobre diferentes contextos nos que se poidan desenvolver.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia relaciónase cos seus aspectos de coñecemento e valoración de toda a expresión artística, simbólica,

histórica, de costumes, ritos, festas, valores, modos de vida... O alumnado verase enriquecido cos valores que leva consigo o feito relixioso en toda a súa expresión artística, cultural e estética, teolóxica e vivencial. Con iso contribúe á conservación e á valoración do patrimonio cultural.

Competencias sociais e cívicas

Esta competencia recolle todas as formas de comportamento que preparan as persoas para participar dunha forma eficaz e construtiva na vida social e profesional; por iso, dotaremos ó alumnado de ferramentas que favorezan e fomenten os valores de respecto, cooperación, solidariedade, xustiza, non violencia, compromiso e participación como piares para a súa formación. Estes valores que se van fomentar teñen a súa fundamentación e referencias cristiás na filiación no amor a Deus.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

É fundamental que o alumnado descubra a súa identidade persoal a través dunha apertura ao significado último e global da súa existencia humana. A súa iniciativa persoal dependerá sempre que adestre nun autocoñecemento, en explorar as súas potencialidades, en buscar o sentido a cada unha das cousas que acontecen na súa vida.

O espírito emprendedor do alumno formarase a partir da disposición e actitude que poida dispoñer. Dotaráselle de destrezas e habilidades para que a transformación social do mundo no que vivimos sexa unha realidade grazas ao espírito de emprendemento do alumno.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender nesta área pode axudar ao alumnado a ser protagonista do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe como resposta á vontade de Deus de que o ser humano colabore de modo activo e libremente segundo o plan establecido por El.

Nesta área será decisivo o impulso do traballo en equipo polo seu intrínseco sentido comunitario proponendo un marco de referencia aceptado voluntariamente segundo as súas conviccións, que ha de ser lúcido na busca da verdade e do ben.

Competencias específicas na área de Relixión e Moral Católica

O ensino relixioso católico estrutúrase a partir de catro dimensións que fundamentan as competencias específicas do ensino relixioso católico.

- *Dimensión cultural e histórica.* Está presente no ensino relixioso, dado que o patrimonio cultural, histórico e antropolóxico-axiolóxico que gran parte das sociedades reciben do pasado está vertebrado por contidos relixiosos.

- *Dimensión ético-moral.* Esta dimensión fai posible a maduración na responsabilidade, o exercicio da solidariedade e da caridade. Todo iso fundamentado na Palabra e nos feitos de Xesucristo.

- *Dimensión humanizadora.* Faculta o alumno para dar resposta aos seus interrogantes máis radicais, facendo á súa vez posible a

formación de homes e mulleres conscientes, críticos, libres e creadores.

- *Dimensión epistemolóxica.* Os seus contidos son saberes cunha fundamentación e unha metodoloxía científica propia, implantados con rigor e tradición no noso contorno cultural.

3.Obxectivos:

1.Recoñecer persoas e situacións que nos achegan ou separan de Deus.

2.Descubrir que a elección de Adán e Eva foi un rechazo ao don de Deus.

3.Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel .

4.Identificar xestos e accións de Xesús coas persoas para facelas felices.

5.Valorar a importancia do Bautismo de Xesús e as respostas dos seus seguidores.

6.Asociar a labor misioneira e caritativa da Igrexa coa misión de Xesús.

7.Descubrir a oración como medio de diálogo con Deus.

8.Comprender que a oración do NosoPai expresa a pertenza á Igrexa.

4.Contidos:

1. A realidade que nos rodea como don para a nosa felicidade.
- 2.Respostas do home ao don de Deus.
3. Ruptura do home con Deus: Adán e Eva.
- 4.A vocación de Moisés para liberar o seu pobo.
- 5.A Alianza de Deus co pobo de Israel.
- 6.O coidado de Deus co seu pobo: signos de amizade (a nube, o maná, a auga...
7. O Bautismo de Xesús: comezo da misión.
- 8.A misión de Xesús é facer felices os homes.
9. O seguimento de Xesús. Diferentes respostas á chamada de Xesús
- 10.A Igrexa, continuadora da misión de Xesús.
- 11.Os cristiáns expresan a amizade con Deus no diálogo con El e a través da súa vida.
- 12.O Nosopai, signo de pertenza á comunidade cristiá.

5. Actividades:

As actividades que se propoñen para conseguir o logro dos obxectivos e competencias desta programación serán motivadoras, variadas e adaptadas ás características psicoevolutivas do noso alumnado.

Favorecerán aprendizaxes significativas e seguirán un criterio de progresividade para acadar o nivel competencial plantexado .

6. Metodoloxía:

A metodoloxía será activa, participativa, comunicativa, inclusiva, aberta, flexible e motivadora de cara a aprendizaxe desta materia. Buscarase unha participación activa dos nosos alumn@s, fomentando tanto o traballo individual como en equipo.

Empregaremos un estilo de aprendizaxe no que predomina a aprendizaxe por descubrimento para poder acadar unha educación integral, competencial e significativa. Aplicarase un tratamento interdisciplinar e intradisciplinar dentro do conxunto das competencias a traballar ao longo do curso e os elementos transversais.

A educación en valores queda recollida en ditos elementos transversais, sendo tratado de xeito global en cada nivel polos contidos específicos que configuran esta materia.

7. Materiais e recursos didácticos:

Utilizaremos diferentes materiais e recursos, aproveitando, na medida do posible, os recursos dispoñibles do Centro. Deste xeito usaremos : libros de texto, libros da aula e da biblioteca, cadernos, cartolinas, xornais, revistas, recursos audiovisuais(tv, cds, video, proxector, ordenadores), material escolar básico, etc.

O uso desta variedade de materiais e recursos permítenos diseñar unha variedade de actividades que enriquecen ó noso alumnado e desenrolan unha aprendizaxe motivadora e significativa,

ó mesmo tempo que facilita a adquisición das diferentes competencias básicas.

8. Avaliación:

A avaliación terá un carácter global, contínuo, formativo e criterial.

8.1. Criterios de avaliación:

1. Recoñecer e valorar que os seus pais, amigos e contorno son un don de Deus para a súa felicidade.
2. Tomar conciencia de que as accións persoais achegan ou separan de Deus.
3. Comprender que a elección que fan Adán e Eva é un rexeitamento ao don de Deus.
4. Descubrir a importancia de Moisés para a liberación do pobo de Israel.
5. Recoñecer as consecuencias da Alianza de Deus con Israel.
6. Recoñecer e valorar os signos da amizade de Deus co seu pobo.
7. Asociar o Bautismo de Xesús co momento no que inicia a súa vida pública.
8. Distinguir como Xesús fai felices os homes cos seus xestos e accións
9. Identificar e valorar as accións da Igrexa que continúan a misión de Xesús.

10. Sinalar a oración como unha forma de expresión da amizade con Deus.

11. Descubrir trazos da amizade con Deus na vida cotiá.

12. Comprender que a oración do Nosopai expresa a pertenza á comunidade eclesial.

8.2. Estándares de aprendizaxe:

1. Lembra e narra experiencias recentes nas que descubriu que a familia, os amigos ou o contorno son un agasallo.

2. Enumera, describe e comparte situacións, persoas ou cousas polas que está agradecido.

3. Distingue e enumera accións persoais que o fan feliz ou infeliz.

4. Le, identifica e explica coas súas palabras as consecuencias do rexeitamento de Adán e Eva ao don de Deus, descritas no relato bíblico.

5. Coñece e describe a misión de Moisés no relato bíblico.

6. Expresa graficamente momentos significativos da tarefa de Moisés para liberar o pobo.

7. Coñece o contido da Alianza, identifica as súas implicacións e toma conciencia do sentido que poden ter na vida actual.

8. Interésase e agradece os signos do coidado de Deus na súa vida: a saúde, a familia, a escola, os amigos.

9.. Narra os cambios que o Bautismo introduce na vida de Xesús.

10. Descubre e subliña, nos relatos de milagres, os xestos e accións de Xesús que fan felices os homes.

11. Respecta e valora o comportamento de Xesús cos pecadores.

12. Busca testemuños da acción misioneira e caritativa da Igrexa como continuidade da misión de Xesús.

13. Crea relatos breves para expresar como a acción misioneira, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.

14. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.

15. Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.

16.. Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.

17. Explica significativamente a orixe do Nosopai.

8.3. Instrumentos e procedementos de avaliación

A avaliación desta materia será continua, global, formativa e integradora. Avaliaranse tódolos elementos do proceso de ensino-aprendizaxe (obxectivos, contidos, metodoloxía,...) e tendo en conta os seus resultados, estableceranse as medidas correctoras necesarias para lograr os obxectivos propostos e as competencias. Partiremos dunha avaliación inicial e iremos avaliando o progreso

ó longo do curso en función dos resultados acadados na mesma e os obxectivos propostos.

Utilizaremos instrumentos de avaliación cualitativos (mediante técnicas de observación directa do traballo diario na aula, do seu comportamento e da participación do alumnado) e cuantitativos (contros escritos ou orais). Combinaremos, polo tanto, procedementos de avaliación subxetivos e obxetivos para recoller toda a información necesaria deste proceso de ensino-aprendizaxe.

A interpretación dos resultados da aprendizaxe farase en función dos criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe establecidos e permitiranos valorar o progreso realizado polo alumnado no logro das competencias e dos obxectivos .

8.4. Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación empregados para avaliar o alumnado **na 1ª e 2ª avaliación** foron os seguintes:

- Grao de esforzo, corrección e actitude positiva na realización do traballo diario.(50% da nota de cualificación)
- Nivel de comportamento xeral(atención, respecto ós compañeiros/as e actitudes cooperativas nos traballos de grupo).(20% da cualificación)
- Resultados de probas escritas e orais.(30% da cualificación)

As cualificacións en cada avaliación expresaranse cunha graduación de nivel dende insuficiente ata sobresaínte, tal como indica o Decreto 105/2014 de 4 de setembro.

9. .Medidas de atención a diversidade.

Atenderase á diversidade do alumnado en colaboración cos titores e o equipo de orientación, dando resposta ás diferentes capacidades, ritmos ou estilos de aprendizaxe dos alumnos/as que precisen de dita intervención educativa por ter necesidades educativas de apoio específico.

En canto se detecten as dificultades de aprendizaxe, estableceranse as medidas de reforzo educativo convintes tanto organizativas como curriculares.

.Realizaranse as modificacións precisas a nivel de metodoloxía ou organizativas e fixarase o apoio necesario para dito alumnado ou, nos casos onde sexa necesario, deseñaranse as correspondentes adaptacións curriculares, para que poidan acadar o maior desenvolvemento das competencias.

10.MÍNIMOS ESIXIBLES E ACTIVIDADES DE REFORZO:

Para poder optar unha avaliación positiva será necesario acadar polo menos un 50% dos estándares de aprendizaxe marcados nesta programación e desenvoltos ao longo do curso.

Neste nivel ditos obxectivos concréntanse en:

-Describir accións persoais que nos achegan ou separan de Deus, como lles pasou a Adán e Eva.

-Coñecer a misión de Moisés por medio de relatos bíblicos.

-Respetar e valorar o comportamento de Xesús cos pecadores.

-Comprender o significado básico da oración do “Noso Pai”.

En caso de existir alumnado coa materia pendente diseñaríase o correspondente cuadernillo de actividades ou un traballo específico individual da materia onde se demostre o dominio das competencias esixidas para obter unha avaliación positiva, tendo en conta os estándares de aprendizaxe establecidos.

11. Contribución aos diferentes plans do centro: TIC, lector, Lingüístico, de convivencia...

Dentro do plan de integración das **TICS** potenciarase o coñecemento e o uso das mesmas como instrumento para obter información e facilitar o logro das competencias e acadar unha aprendizaxe motivadora e integral.

Polo tanto, usaranse os recursos dispoñibles no centro relacionados coas TICS: videos, cds de audio, xogos educativos, programas e consulta de páxinas web.

Dende a área de relixión desenrolaranse accións para acadar os seguintes obxectivos do **plan lector** do centro:

-Ensinar e reforzar competencias de lectoescritura.

-Estimular a motivación e o gusto pola lectura.

-Xerar ambientes propicios á práctica lectora.

Tamén se vai crear unha biblioteca de aula con temática específica adaptada par fomentar o hábito lector.

Ademáis, dende esta área colaborarase para lograr os obxectivos xerais marcados no **proxecto lingüístico e plan de convivencia** do centro.

12. Actividades extraescolares e complementarias.

Colaborarase dende esta materia con todas as actividades programadas durante o curso escolar polo equipo de nivel, coas medidas de coordinación docente que se propoñan polo mesmo.

13. Procedementos para avaliar a propia programación:

En función dos resultados acadados polo alumnado en cada avaliación estableceranse as modificacións que se consideren necesarias en cada un dos elementos da propia programación. Valorarase especialmente os seguintes apartados para o logro das competencias :

-Adecuación dos obxectivos e contidos propostos ó nivel e características do alumnado.

-Aplicación da metodoloxía axeitada.

-Actividades potenciadoras da aprendizaxe.

-Uso axeitado dos recursos dispoñibles.

ESTÁNDARES SUPRIMIDOS

13. Crea relatos breves para expresar como a acción misionera, a caridade e os sacramentos axudan a lograr a felicidade das persoas.

14. Compón textos que expresen o diálogo da persoa con Deus.

15. Recompila e pon en común cos seus compañeiros oracións que a comunidade cristiá utiliza a cotío.

16.. Observa e descobre na vida dos santos manifestacións da amizade con Deus.

17. Explica significativamente a orixe do Nosopai.

1. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: terase en conta principalmente a avaliación do primeiro e segundo trimestres.Será unha avaliación continua,global,formativa e integradora.Neste trimestre farase media coas cualificacións obtidas nas avaliacións anteriores.
	Instrumentos: partírase dos instrumentos utilizados na 1ª e 2ª avaliación tanto cualitativos(observación directa do traballo diario,comportamento, participación e esforzo nos traballos grupais) como cuantitativos(probas escritas ou orais).
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: : media das cualificacións obtidas durante as dúas primeiras avaliacións. Aplicarase a seguinte fórmula de cálculo: 40% da nota da 1ª Aval. + 60% da nota da 2ª Aval. + opcional (1 pto. máx. polo esforzo realizado neste período).

